

6. A 1ª Guerra Mundial. A Sociedade de Nacións (SdN) e a Fraxilidade da Paz

A SdN naceu coa esperanza de que a Gran Guerra fose “a guerra que rematara con todas as guerras”. Porén, a realidade da posguerra estivo marcada pola inestabilidade e a incapacidade de diálogo internacional efectivo.

	Desenvolvemento e Contido Histórico	Por que fracasou?
Obxectivo e Orixe (1919)	• A Cooperación Internacional: Impulsada polos “14 puntos” de Wilson, a SdN pretendía substituír a vella “<i>diplomacia secreta</i>” por unha seguridade colectiva baseada: na diplomacia, o desarme internacional e o arbitraje.	• O nacemento condicionado: Foi o primeiro paso cara ó Dereito Internacional moderno, pero ó non ser incluída no propio Tratado de Versalles, moitos estados (especialmente os vencidos) vírona como unha ferramenta para a vinganza dos vencedores en Versalles, para manter a súa hexemonía. • O que lle restou autoridade moral a institución
Ausencias de Peso	• O Illamento de EUA: O feito de que o Congreso estadounidense non ratificase o tratado deixou á SdN sen o seu principal sustento económico e moral. A exclusión inicial de Alemaña e a URSS (tratada como “paria” internacional) limitou a súa capacidade de actuar en Europa Central e Oriental.	• Representatividade: Sen as grandes potencias, a SdN quedou en mans de Gran Bretaña e Francia, cuxos intereses coloniais chocaban moitas veces co obxectivo de paz global da organización. • Foi un organismo de paz sen a maior potencia económica (EUA) e sen as potencias clave do Leste (Alemaña/Rusia) era como un “corpo sen brazos”. A súa representatividade foi moi limitada.
Debilidade de execución	• Inexistencia de Forza Militar: A SdN non tiña exército propio nin capacidade para impoñer sancións eficaces. Segundo o manual, as sancións económicas eran fáciles de esquivar e as condenas morais eran ignoradas polas ditaduras emerxentes. Dependía da vontade dos seus membros para aplicar sancións económicas ou militares	• Organismo de “Papel”: A ineficacia ante crises como a ocupación do Ruhr (1923) ou o Incidente de Corfú demostrou que as potencias seguían usando a forza bruta por riba da diplomacia. • A SdN só podía emitir condenas verbais ineficaces.
Tensións polas Minorías	• O Problema Étnico: O redeseño de fronteiras deixou a 30 millóns de persoas fóra dos seus estados nacionais. O novo mapa creou fronteiras artificiais nos Balcáns e Centroeuropa. Millóns de alemáns, húngaros e outras	• Caldo de Cultivo do Irredentismo: A SdN foi incapaz de xestionar os nacionalismos feridos. O principio de “autodeterminación” de Wilson aplicouse de xeito parcial, creando o caldo de cultivo para o irredentismo (querer

	etnias quedaron "atrapados" en novos estados. A SdN debía protexer estas minorías, pero carecía de mecanismos para forzar aos novos estados (como Polonia ou Checoslovaquia) a respectar os seus dereitos.	recuperar terras perdidas). O descontento das minorías alemás nos Sudetes ou no Corredor Polaco converteuse na "escusa perfecta" para as futuras agresións de Hitler.
Os "Anos Dourados" (1924-1929)	O Espírito de Locarno: Houbo un breve respiro. Co Tratado de Locarno (1925), Alemaña aceptou as súas fronteiras occidentais e entrou na SdN. Parecía que a paz se estabilizaba co Pacto Briand-Kellog (que "prohibía" a guerra). - Pero a posguerra non foi un período de paz real, senón unha "tregua armada". O espírito de Versalles foi de castigo, non de reconciliación, o que impediu que a SdN funcionara como un espazo de entendemento.	Unha ilusión económica: Esta paz dependía totalmente dos préstamos de EUA a Alemaña (Plan Dawes). Cando chegou o Crack do 29, a solidariedade internacional desapareceu e a SdN colapsou.
O Sistema de Mandatos	A Tutela Colonial: A SdN debía supervisar a administración das colonias alemás e otomás. Porén, na práctica, funcionou como un sistema para que Francia e Gran Bretaña ampliaran os seus imperios baixo unha aparencia de legalidade internacional.	Frustración no Terceiro Mundo: A negación do dereito de autodeterminación en Asia e África (Egipto, Siria, Indochina) sementou o odio ao colonialismo europeo que estalaría despois da 2ª Guerra Mundial.